

EN DEFENSA DAS LIBERDADES E OS DEREITOS DAS PERSOAS

30 de Setembro
CONCENTRACIÓN en
todas as Delegacións
do **Goberno**

**ABONDA DE
REPRESIÓN**



CONFEDERACIÓN XERAL DO TRABALLO

www.rojoynegro.info
www.cgtgalicia.org

A IMPUNE REPRESIÓN DO ESTADO NON NOS VAI CALAR

Cos nosos ideais de democracia directa, liberdade e xustiza social, coa nosa dignidade, sen medo, non nos van calar.

O poder, o sistema, o Estado, con todo o seu aparato, con todos os corpos e forzas da súa seguridade, con todas as ferramentas legais da súa xustiza, está a incrementar de forma moi significativa a represión directa contra as persoas, organizacións e movementos que estamos a exercer de forma pacífica os nosos dereitos e liberdades como son o dereito á folga, á manifestación, á liberdade de expresión...

Colectivos e persoas que non estamos dispostos a calar, a permanecer cos brazos cruzados, vendo como nos despiden, nos rouban, nos estafan, nos desafiuzan, nos privatizan os servizos públicos e sociais, nos deixan na indixencia e recortan os nosos dereitos laborais, sociais e as liberdades.

Estamos ante unha escalada da represión arbitraria, inxustificada, indiscriminada, aleatoria, xeneralizada en todos os recantos do estado español. É unha represión institucional que se exerce dende a absoluta impunidade, que busca a provocación, que recorre ás vellas técnicas de policías encarapuchados, infiltrados entre nas manifestacións, que ten como obxectivo básico o amedrentamento da poboación, a criminalización da protesta, da disidencia, da discrepancia e do activismo social e sindical.

Estamos ante un goberno que, ademais de reprimir, está a alterar a orde xurídica para dispoñer de dispositivos legais que lle permitan exercer a represión con total impunidade. Está a adecuar, aprobar e reformar leis propias dun estado totalitario, que se considera dono das vidas e dereitos da poboación. Así interpretamos a Lei de taxas xudiciais, o proxecto de reforma do Código Penal, a nova Lei de seguridade cidadá (lei mordaza), Lei de seguridade privada, etc.

A gravidade da represión actual que exerce o goberno, non está a pasar desapercibida para o resto de Europa, para as Nacións Unidas nin para

organizacións como Amnistía Internacional, que nun recente informe de abril de 2014 titulado "España: O dereito á protesta, ameazado!" di: "as autoridades están a asfixiar as protestas pacíficas. As multas, os malos tratos, o uso excesivo da forza e a impunidade policial ante os abusos están a afectar o dereito á liberdade de expresión e reunión".

Efectivamente, son varios millares as persoas que están a ser identificadas, reprimidas, represaliadas, castigadas, procesadas, multadas, vexadas, encarceradas, extorsionadas, maltratadas... dende que comezou a resposta sindical e social á crise. Son varios miles de persoas as que se encontran nesta situación dende que se convocou a Folga Xeral do 29 de setembro de 2010, ata as recentes Marchas da Dignidade do pasado 22 de marzo de 2014. A policía, exercendo o uso xeneralizado da forza, sempre de forma desproporcionada, non só detén persoas, senón que retén e rexistra autobuses sen xustificación ningunha, co propósito de impedir a súa asistencia ás manifestacións, procede a identificar e multar a persoas pacíficas antes e durante as manifestacións, mesmo persoas alleas.

A xeito de exemplo, en 2014, as peticións de penas da fiscalía supoñen máis de cento corenta anos de cárcere nos máis de corenta procesos penais abertos contra manifestantes e folguistas, sen comprobar a súa implicación.

Queremos recordar os casos máis recentes e sangrantes de persoas represaliadas impunemente, e con iso mostrar o noso apoio e solidariedade con estes miles de persoas que están a sufrir a represión, telas sempre presentes e continuar co noso compromiso de seguir loitando ata conseguir a súa liberación absoluta, e isto sen esquecer anteriores casos emblemáticos de represión como o da compañeira Laura de Barcelona ou Alfon de Vallecas en Madrid.

Por exemplo, Carmen e Carlos de Granada, condenados a tres anos de cárcere por participar nun piquete informativo durante a Folga Xeral do 29 de Marzo de 2012, coa acusación de atentar contra os dereitos das e dos traballadores. O fiscal pediu no xuízo unha "sentenza exemplificante, para que a ninguén se lle ocorra facer nada parecido".

Outro exemplo, no que están implicados todos os movementos, que transcendeu a toda Europa, é o caso de Miguel e Isma, que permaneceron varios meses en prisión preventiva tras a súa participación nas Marchas da Dignidade do pasado 22 de Marzo de 2014.

Un caso sangrante é a petición de 8 anos de prisión, por facer Folga o 29M de 2012, para Roger e Mercader, dous participantes no piquete informativo do comité de folga da asemblea de Sant Andreu, acusados de impedir o dereito ao traballo e por resistencia á autoridade.

Tras dez anos de proces, o caso Expert no que 6 persoas de distintas bisbarras do Garraf e Penedés en Cataluña están imputadas, entre eles os compañeiros Pedro Duque e Soler, tras unha desproporcionada carga policial durante o conflito na empresa Expert no ano 2004, polo peche da fábrica e o despedimento de todo o persoal. Pídeselles entre tres e cinco anos de cárcere para cada un.

En Galicia, os casos das traballadoras Tamara e Ana, de Pontevedra, condenadas a tres anos de cadea por participar nun piquete durante unha folga.

O réxime, un estado en decadencia, esborrallándose, corrompido, desacreditado, inxusto, elitista, afastado da realidade, desautorizado pola maioría da poboación, está a recorrer á violencia, á represión, ao axuizamento político, para someternos, para facernos sentir súbditos, para defenderse do pobo que demanda liberdade. A policía reprime nas rúas e a fiscalía reconduce a represión aos tribunais amosando a verdadeira faciana deste estado supostamente democrático.

Dende a CGT temos claro que non o van conseguir. Somos millóns os que estamos a defender a democracia directa, a xustiza social, millóns dispostos a exercer o apoio mutuo para resistir e avanzar. Non descansaremos ata conseguir a absolución e liberación da totalidade das persoas imputadas e encarceradas.